


CURROVELLO

- Ubicación.** Monte Matalagartos, Peitieiros, Gondomar.
- Proprietarios.** Comunidade de Montes en Man Común de Peitieiros
- Como chegar.** Subindo ao Matalagartos pola Área de recreo do Lombo do Roxás collendo un camiño a dereita a 500 m.



Características

Desmorte artificial construíndo unha zona chan de 0,8 ha. Na parte leste elévase un noiro de rocha vertical, e na parte oeste cae outro noiro pronunciado. Dispón dunha charca seminatural en forma de C con desaugadoiro orixinada ao acumularse auga que sae dunha mina que aflora no desmorte.

O substrato xeolóxico corresponde a un granito alterado? ++++++

*****Substrato xeolóxico e algunhas características do solo+++++++++

Sobre a súa superficie mantén árbores diversas especies exóticas resultado de diferentes repoboacións realizadas co CEIP Neira Vilas e o CRA Antía Cal en diferentes épocas.

O Currovello pode dividirse de leste a oeste en:

- Noiro superior
- Charca
- Arboreto
- Noiro inferior



A posibilidade dunha futura expansión da área de actuación está moi limitada por atoparse o Currovello rodeado de xeito importante por monte privado. Hai dúas actuacións que se poderían considerar no seu momento:

1.- A expansión cara ao leste contando co camiño superior e seguindo este por todo o linde do monte.



2. - Ampliación cara ao oeste (B) ou cara o sur e leste (C), sumando 0,5 e 1 ha respectivamente.



Ameazas

1. Desaparición da charca por colmatación e recubremento vexetal.
2. Colonización por especies invasoras, principalmente Mimosas e Acacias (*Acacia delabata* Link, e *Acacia melanoxylon* R.Br).
3. Destrucción mecánica das plantacións realizadas ata o momento por invasión de gando

Valores naturais

1.- Mantemento da biodiversidade. A charca a pesares do seu estado de colmatación actual é hábitat de numerosas especies de anfibios, algunha delas catalogadas como necesarias de protección, e todas elas co destrución e alteración dos hábitats acuáticos como factor xenérico que ameaza seu status.



- (1) Protección de especies.
 - (a) Presencia confirmada do Pintafontes verde (*Triturus marmoratus*, Latteille 1800) especie incluída no Anexo V (Especies animais e vexetais de interese comunitario que requiren dunha protección estrita) da Lei 42/2007, de 13 de decembro do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
 - (b) Presencia non confirmada da Estroza ou Rela común (*Hyla arborea*, Linnaeus 1758) e da Ra patilarga (*Rana iberica*, Boulanger 1879) ámbalas dúas incluídas no

Anexo V (Especies animais e vexetais de interese comunitario que requiren dunha protección estrita) da Lei 42/2007, de 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. A Ra patilarga é un endemismo da península ibérica

- (2) Outra fauna anfibia presente na charca:
- (a) Pintafontes: Pintafontes común (*Triturus boscai*, Lataste 1879) e Pintafontes palmeado (*Triturus helveticus*, Razoumowskt 1785)
 - (b) Ras e Sapos: Ra verde (*Rana perezi*, Seoane, 1885)
 - (c) Sapos: Sapiño pintoxo (*Discoglossus galganoi*, Capula, Nascetti, Lanza, Bulli & Crespo 1985), Sapo común (*Bufo bufo*, Linnaeus 1758). O Sapiño pintoxo é un endemismo da península ibérica
 - (d) Píntega, *Salamandra salamandra* (Linnaeus, 1758)

2.- Valores didácticos:

- (1) Recuperación de espazos degradados
- (2) A charca coa súa poboación de anfibios
- (3) As especies arbóreas exóticas plantadas ao longo dos últimos anos unha vez debidamente catalogadas e sinalizadas conformarán no futuro un pequeno xardín botánico.

Propostas de actuación

Neste espazo as actuacións a desenvolver estarán centradas en:





1. Mellora da charca:
 - (a) redución da colmatación
 - (b) control da vexetación palustre
 - (c) revisión do desaugadoiro
 - (d) renovación de auga.
2. Catalogación de especies arbóreas exóticas plantadas nos últimos anos
3. Aumento da superficie forestal, plantación de especies autóctonas
4. Revisión do cercado.
5. Eliminación de especies invasoras Mimosas e Acacias (*Acacia melanoxylum* R.Br e *Acacia dealbata* Link).
6. Mellora do plano de superficie.

Nas zonas de ampliación B e C do espazo de custodia serían desexables as seguintes accións:

1. Eliminación de invasoras, repoboando con frondosas
2. Ampliación do bosque de ribeira na parte sur da zona C